


SÉCUILOS XVI – XVII

(BLOQUE 3)

A NOVA MONARQUÍA DOS REIS CATÓLICOS

- O casamento de Isabel I de Castela (vencedora na guerra sucesoria polo trono de Castela tras a morte de Enrique IV) e Fernando II de Aragón (que sucede ó seu pai Joan II) supón a **unión dinástica** das dúas Coroas, pero non a creación dun único reino.




- **Os territorios** das dúas Coroas, máis aqueles que se conquistan, **pertencen ó mesmo rei, pero non forman un estado centralista nin unificado**. Castela e os reinos da Coroa de Aragón manteñen fronteiras, e leis, institucións, Cortes, administracións, sistemas de pesos e medidas... distintos.



- **O centro da monarquía basculou cara a Castela**, onde estaban máis tempo os reis. Causas:
 - Máis extensa.
 - Máis poboada (5 millóns fronte a pouco máis de 1 en Aragón) —→ A Coroa de Aragón sufriu con máis dureza a crise demográfica baixomedieval.
 - Maior dinamismo económico —→ A Coroa de Aragón padeceu con rigor a crise económica do XIV.
 - Cidades importantes (Granada, Sevilla, Toledo)
 - Territorios máis unificados (mesma lingua, Cortes únicas...) e menos remisos á soberanía real —→ Concepto de monarquía autoritaria castelá fronte á pactista de Aragón

- **Paso dunha monarquía feudal (a soberanía real estaba limitada polo poder da nobreza e da Igrexa) a unha monarquía autoritaria, típica da Idade Moderna. Os reis reforzan o seu poder fronte ós privilexiados. Xorde o Estado moderno.**



■ **SOMETEMENTO DOS SEÑORES FEUDAIS.**

★ **A nobreza**, inmersa en loitas nobiliarias e revoltas campesiñas, **perdeu parte do seu poder feudal** (militar e de conselleiros reais), **pero mantivo o poder económico e xurisdiccional e consolidou o morgado.**

♦ En Castela:

- Derrota dos nobres partidarios de Juana a Beltraneja e da gran nobreza galega (execución de Pardo de Cela e fuxida de Pedro Madruga)
- Anulación das mercés.
- Creación da **Santa Irmandade** (milicia armada financiada polas cidades) para manter a orde e impoñer a autoridade real.

♦ En Aragón fin da revolta dos *payeses de remença* coa Sentenza arbitral de Guadalupe que anula os malos usos.



- ★ **O clero.** Xerarquías eclesiásticas e mosteiros acumulaban gran poder e riquezas e levaban unha vida pouco decorosa. Para contrarrestalo
- Conseguiron do Papa o **Maestrazgo das Ordes Militares**, o que supuxo unha inxección de ingresos e incremento do poder territorial da Coroa.
 - Impúxose o **Padroado Real** ou dereito de presentación (os reis propoñían ó Papa os candidatos a ocupar os altos cargos eclesiásticos).
 - **Reforma do clero** (realizada polo cardeal Cisneros), tanto secular como regular, esixindo ó seus membros unha maior moral e disciplina (→ Humanismo cristiá) e someténdoo ós intereses da monarquía.



■ REORGANIZACIÓN POLÍTICO-ADMINISTRATIVA

Co fin de reforzar a autoridade real fronte a concellos, nobres e eclesiásticos.

- **As Cortes.**

- En Castela menosprezouse a súa función (só consultiva para aprobar as leis, recoñecer ó rei, xurar ó herdeiro e aprobar subsidios) e apenas se convocaron. Refórzase o carácter autoritario da monarquía.
- En Aragón, de tendencia pactista, o rei tivo que negociar coas Cortes dos distintos reinos as leis e impostos requiridos pola coroa.



- **Reforzamento dos consellos.**
 - **Consello Real** (posteriormente Consello de Castela). Principal órgano asesor e de goberno dos reis. Formado por nobres e letrados (persoas con coñecementos das leis) e organizado en comités específicos: facenda, política exterior, xustiza...
 - Creación do **Consello de Aragón, Consello da Inquisición** e do **Consello das Ordes Militares**.
- **Reforma da xustiza.** En Castela creación de dúas **Chancelerías** (Valladolid e Granada) e dúas **Audiencias** (Santiago e Sevilla) como tribunais permanentes que actuaban dentro da súa xurisdición. En Aragón cada reino tiña o seu Tribunal Supremo.




- **Intervención nos concellos.**
 - En Castela, imposición de **corrixidores** nas cidades de reguengo. Actuaban como representantes dos reis e encargábanse da orde pública, de impartir xustiza e de supervisar a política municipal.
 - En Aragón optouse polo **sistema de insaculación** (elección dos cargos municipais ó chou)
- **Creación de gobernadores e vicerreis** (nos territorios con leis e organismos propios como a Coroa de Aragón e Navarra) que actúan como delegados rexios. En Galicia nomeouse a gobernadores.
- **Creación dunha burocracia, diplomacia e exército permanente** e ó servizo da monarquía. Aparecen os **terzos** (unidade militar de soldados profesionais que loitaban con armas brancas e de fogo).

■ Busca da unidade relixiosa.

- **Creación do Tribunal do Santo Oficio ou da Inquisición (1478).**
 - Autorizado polo papa Sixto IV para perseguir herexes.
 - Estaba baixo a autoridade dos reis, integrado por dominicos e era independente da xustiza ordinaria.
 - Vixiaba a pureza do dogma e moral católica.
 - Procedemento secreto (non se sabía quen acusaba nin que probas acusatoria había e empregábase a tortura para arrancar a confesión).
 - Sentenzas inapelables comunicadas nos autos de fe.
 - Conversos obxectos de vixilancia.




- **Expulsión dos xudeus** (1492) das Coroas de Castela e Aragón.
 - O antisemitismo baixomedieval e a desconfianza cara ós conversos seguía medrando.
 - Os RR.CC. ordenaron ós xudeus vivir en aljamas e levar marcas distintivas visibles e en 1492 obrigáronos a bautizarse ou emigrar (sefardís)
 - A súa marcha supuxo unha perda de poboación cualificada (artesáns, médicos, mercadores e financeiros)
- **Ós musulmáns granadinos obrigóuselles á conversión forzosa** (1499), o que provocou o levantamento das Alpujarras. E **ós mudéxares da Castela déuselles a opción da conversión ou a emigración** (1502).



A CONFIGURACIÓN DO IMPERIO ESPAÑOL

O s. XVI foi o do reinado dos Austrias Maiores, o de consolidación do Estado Moderno e da política imperialista.

- **CARLOS I** (1500-1558) herdou un inmenso patrimonio:



TERRITORIOS EUROPEOS DE CARLOS I




- A súa política estivo condicionada por:
 - **Restaurar o imperio cristián** → loita contra os príncipes protestantes alemáns.
 - **Impoñer o poder do emperador.**
- Tivo que facer fronte a problemas hispanos:
 - **A rebelión dos comuneiros** en Castela (1520-21). Esixían: presenza do rei en Castela, cargos administrativos en mans de casteláns, darlle protagonismo ás Cortes, redución de impostos... Derrotados en Villalar (1521).
 - **O movemento das xermanías** en Valencia e Mallorca (1519-24). Revolta antiseñorial: os artesáns valencianos, agrupados en xermanías (irmandades) toman o poder municipal. Derrotados.






- **FELIPE II** (1525-1598). Tras a abdicación de Carlos I, herdou todos os territorios agás os austríacos e o título imperial. Incorporou illas do Pacífico e Portugal.



- **Gobernou desde Castela** (Madrid, capital). Poder absoluto.
- Obxectivos da súa política:
 - Defensa da **hexemonía do catolicismo** (impoñer a contrarreforma establecida no Concilio de Trento)
 - **Manter o poder dos Austrias** en Europa.
- **Guerras contra Francia, os turcos no Mediterráneo, Inglaterra, nos Países Baixos...**



★ Rebelión en Flandres.

- Causas:
 - **Oposición** das oligarquías autóctonas **ó absolutismo dos delegados rexios**.
 - **Intolerancia cos calvinistas** (en aumento nas provincias do norte), que contaban co apoio inglés.
- Brutal **represión dos terzos**, comandados polo duque de Alba e Alejandro Farnesio.
- Fin, división:
 - **Unión de Utrech** (Provincias Unidas do norte, lideradas por Guillerme de Orange). Independízanse.
 - **Unión de Arrás**, católicas e baixo soberanía de Felipe II.

La Guerra de los Países Bajos



★ Guerra contra Inglaterra.

• Causas:

- Fervente **anglicanismo de Isabel I Tudor**, que apoiou ós calvinistas dos Países Baixos.
- **Ataques dos piratas**, co apoio da monarquía inglesa, ós **barcos que comerciaban entre Castela e América** co fin de rematar co monopolio comercial. Drake saquea as costas do Caribe.
- **Execución de María Estuardo**, raíña católica de Escocia.

• Envío da Gran Armada, fracaso.


→ Enorme custo para as arcas reais

→ Desprestixio para a Monarquía Hispánica


→ Incremento do prestixio naval inglés



- ★ **Incorporación de Portugal (1580).** Tras a morte sen descendencia do rei de Portugal (Sebastián I), **Felipe II fai valer** por medios diplomáticos e militares **os seus dereitos sucesorios**




- **Recoñecido como rei** de Portugal nas Cortes de Tomar (1581), **tras xurar respectar as leis e institucións portuguesas** e que os cargos administrativos permanecesen en mans lusas.
- Consecuencias:
 - Unión de todos os reinos peninsulares baixo un mesmo rei.
 - Incremento das posesións territoriais co Imperio portugués.



CRISE DO XVII: ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS E POLÍTICOS

- Coincide cos reinados dos **Austrias Menores** (Felipe III, Felipe IV e Carlos II), que delegan o goberno en **validos**.
- A **Monarquía Hispánica** perde a **hexemonía política** a favor de Francia e a importancia **comercial** a favor de Inglaterra e Holanda.
- ♦ **Crise demográfica** (perda de 1 millón de habitantes)





- ◆ **Crise agrícola e gandeira.** Foi xeneralizada, pero afectou máis a Castela.
- **Malas colleitas** → Crise climática (xeadas e inundacións)
- Menos intensa no norte e Galicia (introdución do **millo**) e na costa levantina.
- **Menos man de obra** (polo abandono de terras). **Menos demanda** (perda de poboación e de poder adquisitivo).
- **Perda de agricultores cualificados** (mouriscos).
- **Aumento da presión fiscal** polos donos da terra.
- **Descenso da cabana ovina**
 - ↗ Descenso das exportacións
 - ↘ Guerra en Flandres
 - ↘ Crise artesanía téxtil castelá

◆ Crise artesanal

- Causas
 - Contracción da demanda
 - Alza dos prezos → chegada de ouro e prata
 - Suba de impostos
 - Alteracións monetarias
 - Falta de innovación e competitividade
 - Mentalidade rendista
- Consecuencias
 - Incremento de produtos estranxeiros
 - Perda das exportacións a América (só o 5% era produción nacional)

◆ **Déficit comercial** (exportación de materias primas e importación de manufacturas), **compensado co ouro e prata procedente de América.**

◆ Crise da Fazenda real

- Causas
 - Falta de investimento produtivo
 - Política belicosa dos Austrias
- Consecuencias → déficit (os ingresos superan os gastos)
- Medidas
 - Aumento presión fiscal → empobrecemento
 - Préstamos da banca estranxeira
 - Emisión de débeda pública → Endebedamento
 - Venda de títulos e propiedades de reguengo
 - Alteración do valor das moedas → Inflación
 - Amoedar moedas de vellón (pouca prata) → Inflación
 - Declarar a bancarrota → descrédito

◆ **Cambios sociais**. Empobrecemento e polarización.

☆ **Nobreza**:

- Aumenta en número → venda de títulos
- Empobrece → menos rendas e máis gastos

☆ **Clero**. Aumenta (é unha saída en tempos de crise)

☆ **Pobo**. Empobrece → diminución de ingresos e suba de prezos e de impostos.

- **Burguesía** (artesáns, comerciantes):
 - Empobrecen → crise artesanal e comercial, suba de prezos e de impostos.
 - Aspira a ennobrecerse.
- **Campesiñado** (sobre todo o castelán) arruinado.
- **Aumentan os esmoleiros e vagabundos**.

♦ Crise política

Durante o reinado de Felipe IV o governo esteve em mãos do seu valido, o **Conde-Duque de Olivares** durante 22 anos.



VELÁZQUEZ *Retrato de Olivares*, 1636



VELÁZQUEZ *Retrato de Felipe IV* 1631-35

Propuxo **reformas** para **reforzar a autoridade real e conseguir un Estado máis unitario e centralista.**

◆ **Gran Memorial** (1624). Obxectivo: **maior uniformidade nas leis e na contribución ós custos da monarquía, seguindo o modelo de Castela:**

- Incremento da presión fiscal e creación de impostos similares en todos os reinos.
- Redución de oficios e empregos cortesáns e dos suntuosos gastos da monarquía.
- Protección ás actividades artesanais e comerciais.

→ Motíns contra a nova fiscalidade. Non aprobación das Cortes.

◆ **Unión de Armas** (1626) Obxectivo: **implicar a todos os reinos nos esforzos bélicos.**

- Cada reino debía aportar un determinado número de homes e pagos, segundo riqueza e poboación, en caso de guerra.

→ Sublevación de Cataluña e Portugal.

★ **REBELIÓN DE CATALUÑA** (1639-1652)

- Causas:

- **Recrutamento forzoso** de homes para a guerra contra Francia.
- **Entrada do exército real** para combater ós franceses en Rosellón e **comportamento incívico das tropas.**

- Desordes. No **Corpus de Sangue** de Barcelona (1640), os rebeldes asasinan ó vicerrei.



- Consecuencias:

- Olivares ordena ó exército **reprimir a rebelión** e intenta **abolir os foros.**
- **A Generalitat**, en mans dos rebeldes (Pau Claris) **asume o goberno e solicita axuda a Francia** (proclamación de Luís XIII como Conde de Barcelona).

- Fin (1652) —→ crise económica, peste, opresión e ocupación francesa de Rosellón...



Tropas de Felipe IV entran en Barcelona. Indulto ós rebeldes e **ratificación dos foros.**

★ INDEPENDENCIA DE PORTUGAL (1640-1668)

- Causas:
 - **Novos impostos** (afectan á nobreza, Igrexa e ricos propietarios).
 - **Marxinación política e económica de Portugal e as súas colonias.**
 - **Antiespañolismo da Igrexa portuguesa.**
- Desenlace. Centrados na guerra contra Francia e na rebelión de Cataluña, nin Felipe IV nin Olivares valoraron o perigo da separación de Portugal. A **nobreza proclamou rei ó duque de Bragança** (co nome de Xoan IV) e, co apoio de Gran Bretaña e Francia, Portugal **conseguirá a independencia en 1668.**



ECONOMÍA E SOCIEDADE NA GALICIA DOS AUSTRIAS


◆ Economía agrícola

- **Ata 1560-80** mantívose o **sistema de produción feudal tradicional**:
 - Os señores ceden ós campesiños terras en usufruto e establécense **foros** de longa duración (perpetuos) = adscritos á terra (servos)
 - Predominio do cultivo de cereais (trigo + centeo) e uso de barbeito.
- **A finais do XVI- principios do XVII** frecuentes **crises de subsistencia** (perda das colleitas → fame → diminución de poboación)

- Transformacións no sistema de cultivo coa **introdución do millo**:
 - Vantaxes: Menor ciclo vexetativo, maiores rendementos co centeo...
 - Consecuencias: **aumento da produción e da poboación**, aínda que a agricultura seguiu sendo de subsistencia.

◆ Actividade pesqueira importante desde a Idade Media.

- A pesca de baixura **completaba a dieta** da poboación costeira, a de altura (bacallau) e a salgadura do peixe (sardiña) **potenciaban a economía**.
- **Crecemento de Pontevedra**, a cidade máis poboada da Galicia do XVI e co porto galego máis dinámico. Poderoso Gremio de Mareantes.



◆ ESTRUTURA SOCIAL.

★ Predominio da sociedade rural:

- Organizada arredor da terra
 - rendeiros (perceptores de sendas señoriais)
 - labregos (traballan terras en usufruto)
- A cesión máis frecuentes era o **foro** (contrato de cesión por tempo definido a cambio dunha parte da colleita ou dunha cantidade fixa). No XVI a presión dos campesiños conseguiu reducir o foro a tres xeracións.
- **Crecemento da fidalguía.** Os fidalgos (membros da baixa nobreza e donos de escasas terras) conseguiron actuar de intermediarios entre os foristas (eclesiásticos e alta nobreza absentista) e os foreiros e percibir unha renda pola xestión.

★ Sociedade urbana escasa. As maiores cidades: Pontevedra, Santiago e A Coruña.